



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha (1) praza técnico de son-locutor (IV)

ANUNCIO:

Lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha (1) praza técnico de son-locutor (IV)

Por resolución núm. 43 da concelleira delegada de Cohesión social, recursos humanos e réxime interior do 15 de xaneiro de 2024, resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Aprobar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha (1) praza técnico de son-locutor (IV).

QUENDA LIBRE

ADMITIDOS/AS:

Non se presentou ningún candidato/a.

COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ADMITIDOS/AS:

| ADMITIDOS/AS | | |
|--------------|-------------------------|-----------|
| Nº ORDE | APELIDOS E NOME | DNI |
| 1 | ZAS SUÁREZ, MARÍA JESÚS | ***021*** |

Segundo.- Publicar a lista definitiva dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha (1) praza técnico de son-locutor (IV) na web municipal: www.culleredo.es e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Determinar a composición nominativa do tribunal de acordo co seguinte detalle:

- Presidente
- Titular: Carmen María Veira Baldomir (xefa de servizo de educación e cultura)
 - Suplente: María Isabel Buján Bernárdez (xefa de servizo de dinamización, formación e emprego)
- Vogais:
- Titular: Francisco José Díaz Sánchez (coordinador-locutor radio Culleredo)
 - Suplente: Raquel Varela Pedreira (locutora radio Melide)
- Titular: Isabel Romero Barciela (profesora da escola de imaxe e son)
 - Suplente: Javier Fernández Francisco (técnico de son)
- Titular: Henrique Manuel Sanfiz Raposo (locutor de radio Fene)
 - Suplente: Beatriz Ínsua Sabio (administrativa do Concello de Culleredo)
- Secretario:
- Titular: Rafael José del Barrio Berbel (Secretario xeral do Concello de Culleredo)
 - Suplente: Funcionario/a en quen delegue.

Cuarto.- Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, e os aspirantes poderán recusalos, cando conorra algunha das circunstancias previstas, respectivamente nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Quinto.- Nomear como persoal de apoio do tribunal cualificador do proceso selectivo a don Marcos Novás Rodríguez.

Sexto.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do mesmo o día 23 de xaneiro de 2024 ás 10 horas na casa consistorial sita na rúa do Concello núm. 12.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

O que se publica aos efectos da base 4.4 das bases xerais desta convocatoria.

Culleredo, 16 de xaneiro de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/310